

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED], en representación [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 24/2022

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] [REDACTED], mediante escrito do 17 de febreiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de marzo de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 17 de febreiro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Ourense ao Expediente [REDACTED] da Policía Local en relación coas terrazas dos distintos locais das rúas [REDACTED] [REDACTED] do dito Concello.

O reclamante indicaba que a solicitude dirixiuse á Policía Local que lles remitiu á concellería de Comercio, sen que tras ter dirixida a solicitude a departamento, obtivera resposta.

O representante acreditou a súa representación a solicitude da Comisión da Transparencia mediante a presentación de certificación da Secretaria acreditando a presidencia da Asociación, copia do DNI do representante, copia dos estatutos [REDACTED], e copia da modificación da Xunta Directiva.

Segundo. Con data do 23 de febreiro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Ourense para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de febreiro de 2022.

Terceiro. Con data do 11 de marzo de 2022 Concello de Ourense contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o Concello non deu resposta expresa á solicitude, nin realizou ningún trámite ao respecto por sobrecarga de traballo do Negociado de Comercio.

A información á que se refire a solicitude consiste nunha serie de informes (un total de 21) da Policía Local, emitidos entre o 16 de xaneiro e o 14 de febreiro de 2017, relativos á situación das terrazas de veladores de 21 establecementos de hostalería emprazados en distintas rúas do casco histórico da cidade e ao seu axuste á normativa aplicable das licenzas concedidas.

Considera o informe que en principio, a información non supera os límites ao dereito de acceso, polo que procedería conceder o acceso, previa disociación dos datos persoais contidos e previo trámite de audiencia aos interesados, xa que a información solicitada podería afectar a dereitos ou intereses dos titulares das licenzas de terrazas de veladores dos establecementos afectados, polo que o Concello procederá, á maior brevidade posible, a iniciar a tramitación da solicitude mediante a comunicación aos titulares do trámite de audiencia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos dealzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Ourense non resolveu a solicitude de acceso á información polo que tendo presentada a reclamación con data do 17 de febreiro de 2022, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Asociación interesada solicitou acceso ao expediente ██████████ da Policía Local en relación coas terrazas de distintos locais de hostalaría que identifica.

O Concello no seu informe, considera que en principio o acceso ao expediente solicitado, é información pública no que, salvo a disociación dos datos de carácter persoal, non concorrerían no mesmo límite algún dos establecidos na normativa de Transparencia, se ben faise necesaria a apertura do trámite de audiencia aos terceiros cuxos dereitos e intereses poidan resultar afectados polo acceso á información.

O dereito dos cidadáns, e neste caso dunha Asociación, de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia

calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, resposta que neste caso non se produciu.

O artigo 20.1 da Lei 19/2013, establece que a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaron no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Este prazo poderá ampliarse por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e previa notificación ao solicitante.

Neste sentido, debe lembrarse á Administración a necesidade de cumprir cos prazos legalmente establecidos á hora de contestar as solicitudes de acceso que se lle presenten, para facilitar o exercicio dun dereito de base constitucional como é o dereito de acceso á información pública e non dilatar no tempo o mesmo, o que resulta contrario ao espírito da Lei, que previu un procedemento áxil, cun breve prazo de resposta e dispón a creación de unidades de información nas administracións, o que facilita o coñecemento por parte do cidadán do órgano ante o que deba presentarse a solicitude así como do competente para a súa tramitación.

O respecto dos prazos establecidos na norma, alén de significar o cumprimento dunha obriga legal, permite a adecuada garantía dun dereito que tanto a propia Lei 19/2013 como a interpretación que da mesma fan os Tribunais de Xustiza cualifican como de configuración ampla e escasos límites. Neste sentido, resulta relevante lembrar que nos atopamos ante un dereito de ancoraxe constitucional que debe ser destacado como un valor intrínseco ao concepto de democracia (Sentenza nº 46/2017, do 22 de xuño de 2017, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº2 de Madrid, pronunciada no PO38/2016) e cuxa protección e garantía, por tanto, ten que ter en conta esta natureza.

Debe lembrarse ao Concello que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED] con data do 17 de febreiro de 2022, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Ourense ao Expediente

[REDACTED] da Policía Local en relación coas terrazas dos distintos locais das rúas [REDACTED]

[REDACTED] do dito Concello.

Segundo: Instar a ao Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, tras a finalización do trámite de audiencia, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.03.31 08:35:41 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.